



**Compostela, 14 de xaneiro de 2010.** O Proxecto Ríos, iniciativa promovida por ADEGA, vén de presentar o **Informe 2010 sobre o estado de saúde dos ríos galegos**.

Neste informe recóllese o estado dos nosos ríos, froito das análises efectuadas nas campañas de primavera e outono, polos

**99 grupos de voluntarios/as do país**

. Preséntanse os resultados das citadas inspeccións, así como a metodoloxía empregada na realización do informe, así como as actividades máis importantes realizadas durante o ano 2010. O Informe Anual permite indicar o estado de saúde das diferentes bacías a partir dos indicadores empregados polos participantes. Baixa un

[INFORME COMPLETO](#) [4.94Mb](#)

con todos os datos.



Dende o ano de inicio do Proxecto Ríos, o número de participantes aumentou considerabelmente. Na actualidade contamos con **299 grupos**. Cos resultados das inspeccións realizados polo voluntariado ambiental elabórase un Informe Anual do estado dos ríos galegos. As concas máis estudadas son as das Rías Baixas e a do Miño, que acadan entre ambas unha porcentaxe que rolda o 67% das inspeccións realizadas. A porcentaxe restante repártese entre as concas do Arco Ártabro e Fisterrá, as do Limia-Douro e as concas que verten ao mar Cantábrico.

En función dos datos recibidos, podemos afirmar que o estado de saúde dos treitos analizados en 2010 foi moi bo na campaña de primavera (52%), e en outono o 54% estiveron en estado bo, correspondéndolle ao estado moi bo o 29%. Observáronse treitos con saúde moderada (15% en primavera; 9% en outono) e deficiente (3% en primavera; 8% en outono) e ningún en estado malo.

Isto indícanos que os nosos ríos están a experimentar unha deriva na que se ven apreciando unha **regresión no seu estado de saúde**.

Estes datos vense constatados tamén polo estado de conservación do

### **bosque de ribeira**

. Nas condicións das marxes dos ríos inspeccionados durante as dúas campañas, se aprecia un aumento das alteracións importantes e das marxes moi degradadas, tendencia que xa apareceu en 2008 e 2009.

En 2010 o Proxecto Ríos fixo un cambio na metodoloxía de inspección de río, onde se engadiu o estudo da calidade do hábitat a través do índice IHF (índice de heteroxeneidade fluvial). Os datos aportados polo voluntariado revelaron que a calidade do hábitat nos treitos estudados foi excelente nun 67% en primavera e moderado nun 33%. En outono, as porcentaxes se distribúen do seguinte xeito: excelente, 42%; moderado, 48%; deficiente, 10%. En primavera, o río con saúde deficiente foi o río Sar ao seu paso por Santiago de Compostela. Con saúde moderada, temos os ríos Tea, Baa e Xunco. En outono, con

### **saúde deficiente**

temos os ríos Lagares, Mero e Limia. Con saúde moderada foron o Sarria, Loña, Deique, Mero e Baa.